

compostaxe doméstica



comarca
de
Betanzos

Cesuras

Irixoa

Miño

Oza dos Ríos

Paderne

A continuación citamos, agrupados en listas respectivas, os tipos de materiais recomendables ou a evitar no noso composteiro.

LISTA VERDE. Os materiais aquí relacionados son perfectamente asumibles polo proceso de compostaxe e recomendados para este tratamento coas limitacións, no seu caso, xa descritas noutros apartados. Estar ordeados en bloques de maior a menor rapidez na súa degradación no composteiro.

- Restos da sega do céspede
- Restos de rozas de sebes, muros vexetais ou camiños (pouco leñosas)
- Esterco de pequenos animais da corte, ovellas e cabras.

- Anacos de froitas e verduras
- Palla vella
- Bolsas de té e poses de café
- Estercos palluzos (cabalos, burros e vacas)
- Flores vellas e plantas de macetas

- Cinza de madeira (espoldrexar en cantidades pequenas)
- Cartóns de embalaxes ou papel de xornal
- Panos de mesa ou hixiénicos de papel usados, bandexas de cartón, papel parafinado de uso alimentario, bolsas e envases de papel

- Follas de outono
- Desbroces e rozas de prantas leñosas
- Restos de podas de árbores e arbustos
- Serraduras (de madeira non tratada)
- Cáscaras de froitos secos e ovos
- Pelos, plumas ou leitos de animais domésticos
- Ósos de froitos (melocotón, aguacate, olivas...)

LISTA GRIS. A evitar incorporar material desta lista, ou de facelo en pequenas cantidades, o mais triturado posible e mesturado con outros.

- Carne e pescado (cubrir con materia seca)
- Produtos derivados da leite
- Aceites ou graxas

LISTA VERMELLA. Evitar botar calquera cantidade do seguinte listado.

- Cinza de carbón e de coque
- Depoicións de cans e gatos
- Cueiros desbotables
- Revistas ilustradas
- Restos de aspiradora
- Filtros de cigarros
- Tecidos sintéticos
- Materiais non orgánicos (plásticos, vidros, metais, gomas)

Promove



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS

Subvenciona



XUNTA
DE GALICIA